


SOLUCIONARIO FICHA DE CONSOLIDACIÓN DA CIRCULACIÓN

Modelos de aparatos circulatorios


1.



2. **A.** Aberto. Os moluscos, excepto os cefalópodos, teñen un sistema circulatorio aberto.
- B.** Cerrado, circulación dobre completa. Os crocodilos, igual que as aves e os mamíferos, teñen un corazón tetracameral.
- C.** Cerrado, circulación sinxela. Os peixes teñen, ademais, un corazón lineal bicameral.
- D.** Aberto. Os artrópodos teñen un sistema circulatorio aberto, cun corazón tubular.
- E.** Cerrado, circulación dobre incompleta. Os anfibios e os réptiles (salvo os crocodilos) teñen un corazón con tres cámaras.
- F.** Cerrado, circulación sinxela. Os anélidos teñen un sistema circulatorio cerrado con algúns vasos contráctiles.

Un corazón partío en catro

1.



2. **Imaxina que podemos viaxar dentro dunha gota de sangue que sae do pulmón dereito. Representa o percorrido que fariamos desde ese lugar ata regresar ao mesmo sitio. Cantas veces pasaríamos polo corazón?**

Pulmón dereito → Veas pulmonares dereitas → AE → válvula mitral → VE → arteria aorta → capilares (resto do corpo) → veas cavas → AD → válvula tricúspide → VD → arteria pulmonar dereita → pulmón dereito

Pasamos dúas veces polo corazón, xa que temos circulación dobre.

3. **Observa as entradas e saídas do corazón. Cal é o sangue rico en osíxeno: o que circula polas arterias ou o que o fai polas veas? E o sangue pobre en osíxeno?**

O sangue rico en osíxeno é o que provén dos pulmóns, é dicir, o que leva as 4 veas pulmonares que desembocan na aurícula esquerda. A arteria pulmonar leva o sangue pobre en osíxeno.

4. **Hai comunicación entre os lados dereito e esquerdo do corazón?**

Non xa que o tabique central fai que o sangue que provén do pulmón non se mesture co que provén da circulación xeral.

5. **Na etapa fetal, o corazón non está “partido”, xa que un orificio comunica as dúas aurículas. Reflexiona e xustifica o motivo polo que isto é así.**

Ata que se produce o nacemento, os pulmóns do feto non son funcionais, xa que os gases respiratorios os toma a través da placenta materna, polo que o sangue entra no corazón pola aurícula dereita, pasa á aurícula esquerda polo orificio chamado *de Botal* e de aquí pasa ao ventrículo esquerdo, desde onde se bombea ao resto do corpo pola arteria aorta.